



DOCUMENTACIÓN PEDAGÓGICA

1º trimestre




Comparto con vos a documentación pedagóxica, un pequeno espello do que vivimos xuntos: a nosa forma de traballar, as propostas que facemos, e o transcorrer do día a día. Non é só un conxunto de fotos, debuxos ou actividades: é un rexistro vivo das aprendizaxes, das curiosidades, dos esforzos e dos descubrimentos que van sucedendo a cada instante.

A través dela podeades ver moito de quen somos, como construímos o noso espazo de aprendizaxe e de que maneira acompañamos aos nenos e nenas no seu desenvolvemento. Pero tamén hai moitas cousas que non quedan reflectidas en imaxes ou papeis: conversas, pequenos e grandes retos superados, emocións, moito traballo e momentos que vivimos xuntos. Iso non quere dicir que non pasasen, simplemente forman parte do tecido vivo do noso día a día, do que se sente máis que se ve.

A documentación pedagóxica serve tamén como ferramenta para reflexionar, para mellorar a nosa proposta educativa e para compartir con vós unha parte do camiño que percorremos xuntos, facendo visibles os procesos de aprendizaxe e descubrimento que constrúen a experiencia de cada nena e neno. É, en definitiva, unha maneira de abrir a porta da aula e que poidades acompañarnos, aínda que só parcialmente, neste día a día tan vivo e cheo de descubrimentos.

O NOSO MUSEO





O INICIO

Este curso na aula de 5ºE comezamos un novo proxecto “Artistadas” e, como non podía ser de outra forma, a nosa primeira obra de arte foi un debuxo de nós mesmas/os.



Ides a poder velos a fin de curso, porque nós, como moito outro traballo que fixemos, precisamos que quede na aula para poder ver a evolución de setembro a xuño.

SURPRISE

Estes debuxos amosan a percepción do esquema corporal que ten cada un/unha de sí mesmo/a, xa veredes como evolucionou ao longo do curso! Para traballar isto ademáis de debuxarnos moito, tamén contamos contos e cantamos cancións que nomean as súas partes.






Fixemos puzzles coas nosas caras e xogamos a adiviñar que parte pertencía a cada un/unha. A este xogo tamén xogastes vós, familias, e gardámolo con moito cariño nun recuncho da nosa aula xunto coas vosas mensaxes e desexos para este curso.

As primeiras semanas na aula estiveron cheas de momentos de xogos compartidos...




...e pinceladas que nos permitiron saber de que punto partía cada nena/o, así fixemos os primeiros trazos, debuxos, letras, conteo, traballamos conciencia fonolóxica, a psicomotricidade fina...






Pouco a pouco fomos coñecendo xogos novos e como empregar novos materiais, como as temperas. Tomamos decisións, expresámonos libremente e fixemos unhas obras únicas e irrepetibles, como cada un e cada unha.



As pinceladas deron orixe aos manteis que empregamos en todas as merendas, engadindo un novo hábito de coidado e orde na nosa aula. Pola parte traseira engadín os seus nomes para que poidan recoñcelos.



Paralelamente a todo isto, fixemos dinámicas de cohesión de grupo que nos axudaron a coñecernos, a respetarnos e a coidarnos. A cada encargada ou encargado do día dixémoslle unha palabra que o describira: é amable, é bo amigo/a. é divertido/a... Limos contos, reforzamos moito pedir permiso, dar as grazas, desculparnos, preocuparnos cando unha amiga ou amigo está triste...

*hai un fío invisible que sae dos nosos ombigos e nos une a todas
aquelas persoas que queremos,*



nós precisábamos ver o fío para darnos conta de que todos/as estamos unidos; querémonos e coidámonos.


Outros contos que nos acompañan neste camiño son:



En asemblea escolleron cales querían que
foras as normas da nosa aula, logo
transformeino en pictogramas e todas e
todos “firmaron” as normas, deixando a
súa pegada e compromiso para cumprilas.



Cando as árbores comezaron a cambiar de cores comezamos a falar do outono; das froitas e dos animalíños máis característicos desta estación e, á vez que estimulábamos os nosos sentidos puxemos a traballar as nosas manciñas para desenvolver a psicomotricidade fina.



Co xogo do “Dobble” traballamos a percepción e discriminación visual, a constancia de forma, a coordinación viso-manual, a atención sostida... e habilidades sociais.



Descubrimos o bingo e encantóunos! Con el traballamos vocabulario de outono, conciencia fonolóxica pero tamén a capacidade de atención, a permanencia na tarefa e as quendas.



Comezamos a traballar en grupos, entendendo que todos/as íamos a ir rotando de tarefas.






Investigamos a fondo as follas, vimos que tiñan unhas “raias” e aprendemos que eran os nervios que levaban o alimento para que a folla crecera

Con todas as nosas follas creamos unha gran árbore de outono e puxémola no noso corcho.

Achegámonos ao LAND ART, facendo composicións efímeras con elementos do outono. Educamos tamén a vista apreciando como están dispostos os elementos e contemplando como natureza e arte están entrelazadas.



Foron múltiples actividades e técnicas artísticas as que empregamos: pintura cos dedos, puntillismo con bastoncillos estampación de man, reprodución de Arcimboldos, estampado con tenedor, estampado con corchos...





Din que “En agosto madura e setembro vendima a uva” e nos non íamos ser menos, así que manciñas a traballar: descubrimos que as uvas nacen de prantas que se chaman vides, que teñen pel, polpa e sementes.




Ulímolas, separamos as súas partes, fixemos xogos de conteo con elas..




Logo representámolas empregando diferentes técnicas: estampando con corchos e facendo boliñas con papel pinocho para despois pegalas; traballando moito cos nosos dedíños para favorecer a motricidade fina.






Outro dos produtos típicos do outono é o millo. Vimos como eran os campos de millo, as espigas, debullamos...



Unha vez que o vivenciamos, comezamos a xogar coas letras para nomear as súas partes. Así rexistramos o aprendido; empregamos sempre diferentes estratexias para adaptarnos a todos os niveis.

Comezaron a atopar caracois no patio e, cheos de curiosidade, logo falaban deles na asemblea. Un día chegaron a nosa aula, e tras observalos moi atentamente comezamos a rexistrar que sabían e que querían aprender sobre eles.



Estas preguntas son chave no inicio dos proxectos: que sabemos? que queremos saber?. Permítennos saber cal é o punto de partida dos coñecemos das nenas/os e os seus intereses. En base a isto argallamos o que aprenderemos os próximos días.



Traballamos a linguaxe descritiva ao facer apreciacións de como se movían, da baba que deixaban, das cores da súa concha... e mentres foron debuxándoos.



Vimos un vídeo de como nacían os caracois: non nacían da barriga da súa nai, nacían de ovos como os poliños das galiñas! Tamén descubrimos como eran as diferentes fases do seu ciclo de vida e deixamos todo rexistrado.





Logo puxémos as manciñas a traballar e rexistramos o aprendido.

Deixámoslle diferentes tipos de comida aos caracois o fin de semana e o luns observamos o que comeran e o que non; descubriron sorprendidas/os que o limón e a cebola son tóxicos para os caracois!



Desfrutamos moito da colección de OQO de caracois:



Moldeamos arxila e fixemos o corpo dos caracois e como cuncha unha castaña!



A nosa investigación sobre os caracois estaba chegando ao seu fin, pero non sen antes traballar un pouco de arte. Con Matisse descubrimos que hai arte abstracto: o que non temos nin idea de que representa, que caras de asombro ao ver que eses “cadrados” raros eran un caracol!



Representamos a súa obra, tratando de fixarnos onde estaba colocada cada cor; traballando así a identificación, a orientación espacial, a comprensión simbólica, a coordinación visomotriz...



A arte abstracta non os convenceu moito, querían facer un caracol “de verdade”, entón cos anacos dos recortes que nos sobraron fixemos un caracol máis...realista.



Mentras todo isto
acontecía non deixamos
de facer outras
actividades e xogos!



Traballamos a asociación número-cantidade,
conteo, subitización, a recta numérica...



Encántanos ver as fotos de todo
o que traballamos e se saímos
nelas aínda máis!



Xogamos a identificar elementos e
animais do outono coa lanterna e logo a
emparellalos coa imaxe correspondente




Coñecemos un novo material: as acuarelas e
aprendimos cales eran as normas para empregalo



Buscamos o seu nome pola aula e
cando o atopamos enchíamolo de follas
e cores a súa inicial.



En outubro comezamos algunhas das nosas secuencias anuais:



Debuxo guiado



Os retos que nos mandaba a fada
marinha dende a biblioteca



Cociña



Experimentos





Coñecemos a ARCIMBOLDO, un señor “moi maior” segundo elas/es, que facía arte con froitas e verduras.



Coa súa inspiración nos tamén fixemos o noso propio arcimbolto ou composición.



Fumos en autobús (algúns/algunhas por primeira vez!) ao teatro a ver unha obra de Galicreques!



Celebramos o cumples de Iker e Dani



Ao achegarse o samaín non podíamos quedar sen ler un conto que case todas/os coñecían!

Corre Corre Cabaciña dounos pé a traballar un montón de conceptos lóxico matemáticos:



Vimos cal era máis grande, cal máis pequena, cal pesaba máis... primeiro fixemos hipóteses e logo comprobámolo. Aprendemos como funciona unha balanza, que significa que unha cubeta baixe ou suba, que se equilibren, que podemos poñer pesos do outro lado...



Tamén falamos de que había dentro das cabazas: xoguetes, animais, semillas, máis cabazas...



Descubrimos que as cabazas teñen polpa e sementes no seu interior. Mentres xogaban con elas sen sabelo traballan conceptos de cheo/vacío, moito/pouco, pesa máis/menos...



Traballamos a motricidade fina collendo as pipas da cabaza coas pinzas



Representamos as cabazas de diferentes formas:



A observación directa sirveunos para describir a súa forma, cores, estratexias para debuxala: facendo un círculo, poñéndoa enriba do papel e copiando a forma... Ampliamos o vocabulario e os nosos recursos.




Chegou a nosa aula unha nova artista: YAYOI KUSAMA

Coñecemos un pouco a súa historia e fascináronnos a súa obra das cabazas de puntos e cores. Ao ver os gomets rápido adiviñaron que nos tamén nos íamos a converter en artistas.




Velaquí o resultado da nosa artistada:



Rematamos de traballar a Yayoi e fixemos unha ensalada de círculos



que tamén deixamos rexistrada xunto co nome da artista




Polo Samaín a nosa aula encheuse de un montón de xogos novos:



Fixemos secuencias, pócemas máximas, adornamos cabazas...

As cabazas decoradas na casa, ademais de adornar a nosa escola, servíronnos para traballar a descrición na aula.





Fixemos o caldeiro da pócema da bruxa e disfrutamos das mesas sensoriais terroríficamente decoradas polo Samaín con diferentes texturas e temperaturas



Fixemos un experimento para o que precisamos Maizena e auga. O resultado foi un líquido que esvaraba polos dedos pero cando o frotábamos na man volvíase máis consistente, coma un sólido: o fluído non newtoniano!



Logo rexistrámolo todo para poder repetilo sempre que queiramos



Probamos a facer pegatinas para decorar as ventás e... hai experimentos que saen ben e outros non tanto! Tardaron tanto en secar que para cando estiveron listas xa rematara o Samaín.




QUEDARON UNHAS MERENDAS BEN TERRORIFICAS






Chegou o MAGOSTO

Tinguimos as nosas castañas da cor da nosa aula. Bótamos un chorriño pequeno de témpera nunha bolsa de plástico e con moito aire dentro axitamos. Este truco serve para tingir moitas bases sensoriais (arroz, fabas, macarróns...)



E con elas e pompóns fixemos
ZONCHOS



Tamén realizamos un
obradoiro de arte con
castañas no que deixamos
voar a nosa imaxinación.





Pintamos con témperas empurrando a castaña e deixando que a castaña nos fora guiando polo papel



Debuxamos castañas de xeito libre despois de observalas atentamente



Con todo o material que trouxestes de casa para facer a instalación de outono traballamos a descrición e aprendemos moito vocabulario.



Logo, clasificámolo e metimos cada elemento nunha bolsiña e fomos a levarllo ás profes de apoio do cole que se encargaron de montar esta chulada:



Facede clík para ver o vídeo



A todas as propostas feitas
con elementos naturais
chamámoslle **LAND ART**

Todo este material logo sirveunos para traballar moitas matemáticas na aula: fixemos conteo, clasificamos e tamén comezamos a facer conxuntos.



Traballamos primeiro de xeito vivencial: nos somos un conxunto. Os que están dentro do círculo “son nenos” e todos os demais “non son nenos”, fíxemolo cas/os que teñen mandilón, cordóns, pantalóns negros... unha chea de veces e de combinacións e logo fíxemolo de xeito manipulativo: as que están fóra “son as landras” e todo o demais “non son landras”. Deste xeito tamén traballamos a negación que tan complexa de entender é para elas/es.



Das casas chegaron piñas abertas e pechadas, despois de moitas teorías de porqué podía pasar isto, fíxemos un experimento: que pasaría se metíamos a piña en auga?

Esperamos uns días para ver cambios e cando xa tiñamos claro que acontecía...



Un día á nosa aula chegou unha caixa xunto cunha carta da nosa querida fada mariña, nela pedíamos que a axudáramos a superar unha misión: Van Gogh esquecérase de como pintar os xirasoís!



Os xirasoís convertéronse no punto de partida para traballar moitas cuestións:



Vimos que había moitos tipos de amarelo: uns máis claros e outros máis escuros. Rápidamente se deron conta de que a profe se lle colara un dourado e non podía estar aí!



Xogamos moito coa mesa sensorial mentres seguimos traballando conceptos como cheo/vacío, moito/pouco, máis/menos...



Representamos os xirasoís estampando con cartóns e con pompóns.





Xogos de conteo

Motricidade fina e estimación:
cantas pipas haberá neste
xirasol?, donde hai
máis/menos?, conteo...



Formar palabras
con letras m3viles

Un dos retos que nos mandara a fada mariña foi crear unha obra de arte xuntos para poñela no calendario e así entre todo o cole facer que o ano que ven estivera cheo de arte!



Nós, que xa estábamos inmersos nos xirasois, decidimos que cada unha e cada un ía a aportar o seu grauciño de area: un xirasol. Todos xuntos encherían un xarrón como fixera Van Gogh



Así ían quedando:



E este foi o resultado final, que deixamos exposto ao lado da nosa porta para que todas as amigas e amigos do cole puideran velo!



Mentres os xirasoís invadían a nosa aula nos seguimos facendo outras cousiñas:



Aquí podedes ver un pouco das nosas relaxacións despois do patio



Continuamos cos retos da fada mariña

Comezamos a crear minimundos máis complexos



Coidamos das nosas prantiñas

Desfrutamos das lecturas compartidas



Fixemos unha busca do noso nome pola aula e logo buscamos as letras para compoñelo. Coas letras de abalorios fixemos os colgantes para identificar a nosa mochila dos contos. En canto o tivemos listo fumos a biblio a facer o primeiro préstamo deste ano!



Continuamos facendo grafismos



Comprobamos que cores pintaban e cales non e íamolas clasificando en dúas gavetas: para gardar e para tirar. Ademais de clasificar tamén imos aprendendo como coidar o noso material.



Seguimos a xogar cos bloques lóxicos facendo cada vez actividades máis complexas de identificación, parellas, ordenación e clasificación.



Buscamos os números pola aula e construímos a recta do 1 ao 10



Celebramos o cunple da nosa Leti!
e
conmemoramos o 25N



Logo comprobamos se era certo que se obtiña morado co azul e co rosa

Unha das teorías que sosteñen o porqué do morado para representar a igualdade é que tradicionalmente se asocia o azul cos nenos e o rosa cas nenas. Falamos de que a nós non nos gusta nada iso e de que podemos xogar, vestir e usar a cor que queiramos.



Un día a aula apareceu chea de fíos morados colgando do teito



Así descubrimos quen era Sheila Hicks, vimos algunhas das súas obras e comezamos a crear outra obra conxunta.



Empregamos os paus que fomos a recoller nunha saída ao Pasatempos.

Ao principio pedímoslle axuda ás/aos compis pero logo xa collemos maña enrolando!



Así quedou o resultado final!

O Nadal comezaba a asomarse así que para poñer peche a todo o traballo de outono fixemos unhas magdalenas de cabaza.



Cociñar sérvenos para traballar multitude de conceptos matemáticos asociados á vida cotiá, a facernos máis autónomas/os, a respectar quendas...



Ademais ao elaboralo nós mesmos todo ten moito máis valor e ata nos atrevemos a probar alimentos novos!



Así de ricas nos quedaron!





01 de decembro comezou a que sen dúbida é a época máis especial para as meniñas e meniños:



O NADAL



Os elfos do Nadal deixáronnos a aula
chea de propostas navideñas



Puxemos a árbore, abrindo
rama e rama e decorámola.

Fixemos masa de sal para facer adornos e puxemos a traballar moito as nosas manciñas.



Logo de facer unhas cantas fornadas xa estaban listos
para añadirille os toques máis especiais:



Un pouco de pintura e mooooooooooita purpurina



Fixemos postais navideñas e foron un éxito!



Decoramos un fondo para poñer na nosa porta



Seguimos decorando e traballando a pinza

É moito moito xogo simbólico



Traballamos o vocabulario de nadal
e logo levámolo ao papel


Estreamos as novas plantillas para a plastilina.



as formas de árbores



e os selos de
copos de neve



No teito da nosa aula danzaron luces de cores, coma se fôran as
auroras boreais que ve Papá Noel! Con elas e con una música de
piano de fondo relaxámonos despois do patio.



Aprendemos a xogar a novos xogos de mesa



Fixemos máis retos da fada mariña

A última semana recibimos por correo cartas do Elfo Trastón! Nelas propoñíanos retos para adiviñar onde se escondía.



Cada día descubrimos o que vai a acontecer buscando no noso calendario de advento



Máis e máis xogos!

FIXEMOS GALLETAS DE NADAL!



E isto é o único que podemos ensinar porque as comemos enseguida!



Mirade o noso photocall navideño!









Chegado o final deste trimestre e desta documentación só me queda
desexarvos bo nadal e feliz ano novo.

Unha aperta enorme familias! Vémonos á volta.

Uxía.